


LIORTA NA HORTA

Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2015




LIORTANA NA HORTA


Conto viaxeiro do Concello de Santiago 2015



QUEIXIÑO LÓPEZ ERA UN RATO ENORME DE PELO PUNKI,
ZAPATOS GRANDES DE CHARÓN E UNHA PAXARIÑA AZUL AO PESCOZO.
QUEIXIÑO LÓPEZ NACEU DUN OVO.




ERA FILLO DUN RATO QUE CASOU CUNHA GALIÑA DE LA.
A GALIÑA CALCETOU UN OVO MOI GRANDE DO QUE NACEU QUEIXIÑO.







O RATO ERA VINCULEIRO, PERO TIÑA UNHA AMIGA QUE ERA COMA UNHA IRMÁ PARA EL: TOUPIÑA VÁZQUEZ REMOLLÓN, UNHA TOUPA PEQUENIÑA QUE SEMPRE LEVABA UNHA BOLSÍÑA CON CARTOS. NUNCA A ESQUECÍA NA CASA.





E ISO QUE BOTABA MOI POUCO TEMPO FÓRA... SÓ SAÍA DE DEBAIXO DA TERRA PARA FALAR CON QUEIXIÑO. ELA FALABA NA LINGUA DAS TOUPAS, *TOUPÍ*, E QUEIXIÑO FALABA *RATONIO*, A LINGUA DOS RATOS. MAIS ENTENDÍANSE, PORQUE ERAN TAN AMIGOS QUE UN APRENDEU O IDIOMA DO OUTRO.




PASABAN HORAS Á LERIA NA HORTA DE ROCÍO FRAGUELA, ONDE VIVÍAN,
E CORRÍAN A AGOCHARSE CANDO APARECÍA A COBRA TEMEROSA.
NON SABÍAN QUE TIÑA MÁIS MEDO A COBRA CA ELES...











UNHA MAÑÁ, CANDO ROCÍO FRAGUELA, A MULLER MÁIS AVARENTA DE TODO COMPOSTELA, ESTABA NA HORTA PLANTANDO CENORIAS, OCORRÉUSELLE VENDER A CASA E A HORTA A UNS SEÑORES QUE QUERÍAN DESTRUÍR TODO E FACER ENRIBA UNHA CONSTRUCCIÓN.






TOUPIÑA PODERÍA MORRER PORQUE A CONSTRUCCIÓN IGUAL
LEVABA CONDUCTOS DE AUGA... TIÑAN QUE EMIGRAR!
DECIDIRON MUDARSE COAS SÚAS FAMILIAS ÁS HORTAS DE BELVÍS.






POLO CAMIÑO, QUEIXIÑO E TOUPIÑA ADIANTÁRONSE PARA COÑECER O TERREO, PERO CANDO CHEGARON ATOPARON UNHAS EXCAVADORAS ENORMES E UN REBUMBIO DE ANIMAIS ALPORIZADOS. TAMÉN AS ESTABAN A DESTRUÍR PARA FACER UNHA MANSIÓN DUN SEÑOR MISTERIOSO. XA SE PODÍA VER A PISCINA, ONDE HABÍA VARIAS TOUPAS AFOGADAS. ACORDARON FACER UNHA GRAN XUNTANZA DE TODOS OS ANIMAIS PARA BUSCAR UNHA SOLUCIÓN.




NA REUNIÓN HABÍA XOANIÑAS, LESMAS, CARACOIS, CORVOS, MIÑOCAS, BOLBORETAS, ABELLAS, FORMIGAS... E INCLUSO APARECEU A COBRA TEMEROSA, QUE SE ACHEGOU CON COIDADADO A QUEIXIÑO E TOUPIÑA E DÍXOLLES: *ESTOU MOI ASUSTADA PORQUE TEÑO MEDO DE QUE ME ATROPELEN.*


AO VELA TAN TEMEROSA QUEIXIÑO E TOUPIÑA NON ESCAPARON, DEIXARON QUE SENTASE CON ELES. ASÍ TRANQUILIZOUSE TANTO QUE ATA FOI A MODERADORA DA ASEMBLEA. OS CORVOS FIXERON DE INTÉRPRETES.










UNHA BOLBORETA DIXO QUE NON ÍA QUEDAR UNHA HORTA EN PÉ,
PORQUE A CIDADE ESTABA A SER INVADIDA POR UNHAS EXCAVADORAS
VIVAS, QUE FIXERAN UN TRATO CO SEÑOR MISTERIOSO PARA CONSTRUIR
UNHA CIDADE SUBTERRÁNEA.







ENTRE TODOS OS ANIMAIS ACORDARON FORMAR UN EQUIPO
PARA ENFRONTARSE ÁS ESCAVADORAS.




ESCOLLERON A QUEIXIÑO POLO SEU TAMAÑO, Á TOUPA PORQUE PODÍA ESCAVAR NA TERRA, ÁS BOLBORETAS PORQUE VOABAN E PODÍAN AVISAR OS OUTROS ANIMAIS E AOS CORVOS PORQUE PODÍAN TRADUCIR TODOS OS IDIOMAS.

O PLAN PARA PARAR AS ESCAVADORAS ERA ESTE:

PRIMEIRO ÍAN ROMPERLLES OS CRISTAIS PARA QUE NON VISEN.

DESPOIS ÍAN CORTARLLES OS CABLES.

SE AÍNDA ASÍ NON PARABAN, FARÍAN UN TRATO CON ELES PAGÁNDOLLES CO DIÑEIRO DE TOUPIÑA.






UNHA VEZ FORMADO O EQUIPO, CORRERON A LEVAR A CABO O PLAN.


TIRÁRONLLES PEDRAS AOS CRISTAIS, PERO NON DEU RESULTADO PORQUE OS CRISTAIS ERAN MOI DUROS E ELES NON TIÑAN TANTA FORZA.

TAMPOUCO PUIDERON CORTARLLES OS CABLES PORQUE SE DERON CONTA DE QUE NON TIÑAN NADA PARA CORTAR.

ENTÓN OS CORVOS FALARON CON ELAS PARA TENTAR CHEGAR A UN ACORDO.











FALÁRONLLES NA LINGUA DAS MÁQUINAS: *RUM, RUM, BRUM, BRUUUM, PI PI, RRRRRRRRRRRR...* PERO ELAS NON FACÍAN CASO.


DAQUELA TOUPIÑA OFRECEULLES OS SEUS CARTOS E AS ESCAVADORAS CONTESTARON EN *TOUPÍ* DICINDO QUE NON PODÍAN PARAR, QUE EN REALIDADE ERAN TOUPAS QUE O SEÑOR MISTERIOSO CONVERTERA EN MÁQUINAS CUN FEITIZO MALVADO. TIÑAN QUE DETELO!



NESE MOMENTO APARECEU UN RAPOSO CON ASPECTO DE HOME, ALTO,
LARANXA, PELUDO E SALVAXE. ERA O *HOME MISTERIOSO*.

CORREU CARA A TOUPIÑA PARA ENFEITIZALA, PERO QUEIXIÑO PÚXOSELLE
DIANTE E ATALLOUNO.






ENTRES, TOUPIÑA EMPEZOU A BERRAR
UN CONXURO EN *TOUPÍ*:

TA TU TO LA PA TU TI TUTURUTU.





CANDO REMATOU, AS ESCAVADORAS RECUPERARON O SEU CORPO DE TOUPAS.
ENTÓN VIRÁRONSE CARA AO RAPOSO E CONVERTÉRONO EN ESCAVADORA.
DESPOIS OBRIGÁRONO A CONSTRUIR O QUE DESTROZARA.

GRAZAS A QUEIXIÑO, TOUPIÑA E A SÚA LINGUA, AS HORTAS DE COMPOSTELA
RECUPERARON O SEU ESPLENDOR. COMO RECOMPENSA, A XENTE DA CIDADE
FÍXOLLES UNHA GRAN TORTA.

APRENDERON QUE TODOS OS ANIMAI SÓN IGUAL DE IMPORTANTES, MESMO
AQUELES QUE NON SE VEN.

E QUE AS SÚAS LINGUAS PODEN SER MÁXICAS.



CONCELLO DE SANTIAGO


Concellería de Normalización Lingüística

COLABORA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

contoviaxeiro.santiagodecompostela.org



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Normalización Lingüística

COLABORA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

contoviaxeiro.santiagodecompostela.org